

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ORDE do 19 de setembro de 2019 pola que se regula a presentación electrónica de solicitudes de arrendamento de predios rústicos incorporados ao Banco de Terras de Galicia (código de procedemento MR711B).

A disposición transitoria segunda da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, atribúe o exercicio das funcións xestoras do Banco de Terras de Galicia á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), de conformidade co disposto na disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, na súa redacción dada pola disposición derradeira terceira da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

O Banco de Terras de Galicia, en funcionamento desde o ano 2007, ten como obxectivo principal mobilizar superficie agraria infrautilizada poñéndoa á disposición das explotacións agrogandeiras. Con esta acción acádase unha dobre finalidade, por un lado, amplíase a base territorial das explotacións e, por outro lado, lóitase contra o avance do abandono do territorio rural galego. Para acadar este obxectivo, o Banco de Terras conta na actualidade con máis de 10.000 parcelas, que supoñen máis de 5.000 hectáreas e que son ofertadas para que todas aquelas persoas que así o desexen poidan solicitar o seu arrendamento por tempo determinado.

A presentación de solicitudes de arrendamentos de predios incorporados ao Banco de Terras é un procedemento suxeito a prazos. Ao estar regulado por normas anteriores á posta en funcionamento da sede electrónica da Xunta de Galicia e das recentemente publicadas Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, require que esta se faga de maneira presencial por parte das persoas interesadas. Ademais, tamén se require determinada documentación que a lexislación vixente non permite solicitarlle á persoa solicitante e á cal a Administración galega pode acceder directamente mediante a plataforma de interoperabilidade administrativa.

Así pois, a partir da entrada en vigor desta orde, este procedemento estará dispoñible electronicamente, o que contribuirá a seguir afondando no impulso dunhas relacións máis áxiles, simples e fluídas entre a Xunta de Galicia e o conxunto dos cidadáns.



RESOLVO:**Artigo 1. *Obxecto e finalidade***

Esta orde ten por obxecto aprobar a posta en funcionamento do servizo para a presentación electrónica de solicitudes de arrendamento de predios rústicos incorporados ao Banco de Terras de Galicia regulado no capítulo III do título III da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras.

Quedan excluídas deste procedemento as cesións pactadas de mutuo acordo recollidas no artigo 18.2.a) da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras.

Este servizo habilitarase na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal> e figurará na guía de procedementos e servizos regulada pola Orde do 12 de xaneiro de 2012, pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, co código MR711B.

Artigo 2. *Forma e lugar de presentación de solicitudes*

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do anexo I dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

A presentación electrónica será obrigatoria para:

As administracións públicas, as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas representantes dunha das anteriores e as persoas empregadas das administracións públicas nos trámites realizados pola súa condición de empregado público.

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requirírselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos



na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 3. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento

1. Non é necesario que as persoas interesadas acheguen ningunha documentación no momento de presentar a solicitude. No caso de que fose preciso presentar documentación nunha fase posterior do procedemento, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

2. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da solicitude. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede



electrónica da Xunta de Galicia, permitírase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

5. Sen prexuízo do previsto nos puntos anteriores, aplicaranse á presentación de documentación as regras establecidas no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 4. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) DNI/NIE da persoa solicitante.
- b) DNI/NIE da persoa representante.
- c) NIF da entidade solicitante.
- d) Certificado de residencia con data de última variación padroal da persoa solicitante.
- e) Declaración da renda.
- f) Vida laboral.
- g) Estatutos ou acta de constitución da agrupación.
- h) Condición de titularidade de explotación agraria.
- i) Condición de ser explotación agraria prioritaria.
- j) Condición de ter un contrato de explotación sustentable en vigor.
- k) Condición de persoa produtora agraria inscrita no Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica.
- l) Condición de ser persoa beneficiaria de axudas á primeira instalación de persoas agricultoras mozas.



- m) Condición de ter un plan de mellora na explotación.
- n) Acreditación da propiedade de predios para a valoración de criterios de proximidade.
- o) Contrato de arrendamento de predio próximo ou lindante.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 5. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.



5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 6. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite as persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta do cidadán da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Disposición adicional primeira. Información básica sobre protección de datos persoais

Os datos persoais recabados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.



Disposición adicional segunda. *Actualización do anexo normalizado de acceso ao servizo*

O anexo normalizado de acceso ao servizo poderá ser modificado co obxecto de mantelo actualizado e adaptado á normativa vixente. Para estes efectos, será suficiente a publicación deste anexo adaptado ou actualizado na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estará accesible para todas as persoas interesadas.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2019

José González Vázquez
Conselleiro do Medio Rural





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I

PROCEDEMENTO ARRENDAMENTO DE PREDIO RÚSTICO INCORPORADO AO BANCO DE TERRAS DE GALICIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR711B	DOCUMENTO SOLICITUDE
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE NOME/RAZÓN SOCIAL <input type="text"/> PRIMEIRO APELIDO <input type="text"/> SEGUNDO APELIDO <input type="text"/> NIF <input type="text"/> TIPO DE VÍA <input type="text"/> NOME DA VÍA <input type="text"/> NÚMERO <input type="text"/> BLOQUE <input type="text"/> ANDAR <input type="text"/> PORTA <input type="text"/> PARROQUIA <input type="text"/> LUGAR <input type="text"/> CP <input type="text"/> PROVINCIA <input type="text"/> CONCELLO <input type="text"/> LOCALIDADE <input type="text"/> TELÉFONO <input type="text"/> TELÉFONO MÓBIL <input type="text"/> CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>		
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito) NOME/RAZÓN SOCIAL <input type="text"/> PRIMEIRO APELIDO <input type="text"/> SEGUNDO APELIDO <input type="text"/> NIF <input type="text"/>		
DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa ou entidade solicitante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir: TELÉFONO MÓBIL <input type="text"/> CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/> ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente. <input type="radio"/> Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada. <input type="radio"/> Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente). As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido forma voluntaria. TIPO DE VÍA <input type="text"/> NOME DA VÍA <input type="text"/> NÚMERO <input type="text"/> BLOQUE <input type="text"/> ANDAR <input type="text"/> PORTA <input type="text"/> PARROQUIA <input type="text"/> LUGAR <input type="text"/> CP <input type="text"/> PROVINCIA <input type="text"/> CONCELLO <input type="text"/> LOCALIDADE <input type="text"/>		
DATOS BANCARIOS Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada. TITULAR DA CONTA <input type="text"/> NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS) <input type="text"/> IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>		
DATOS PROPIOS DO PROCEDEMENTO Nº DE EXPEDIENTE DA SOLICITUDE(*): <input type="text"/> PERÍODO <input type="text"/> REFERENCIA CATASTRAL DA PARCELA SOLICITADA: <input type="text"/> DESTINO OU APROVEITAMENTO PRINCIPAL SOLICITADO: <input type="text"/> TIPO DE CULTIVO OU USO SOLICITADO: <input type="text"/> DURACIÓN SOLICITADA DO ARRENDAMENTO (ANOS)(**): <input type="text"/> PRIORIDADE DA SOLICITUDE: <input type="text"/>		
(*): as características, superficie, datos de localización e restantes condicións xerais de arrendamento do predio pódense consultar no Sistema de Información de Terras de Galicia (http://sitegal.xunta.gal) localizándoo polo seu número de expediente. (**): Agader resérvese a posibilidade de arrendar por un prazo diferente ao solicitado.		


SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: cu0cepq4-zb87-pma2-juz6-wjmt0usszho5


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL


ANEXO I
 (continuación)

DATOS PROPIOS DO PROCEDEMENTO (continuación):	
PREZO PÚBLICO DA PARCELA	
<input type="text"/>	€/ANO
PREZO DE RENDA ANUAL OFERTADO (IMPOSTOS NON INCLUÍDOS):	
<input type="text"/>	€/ANO. DE NON OFERTARSE PREZO DE RENDA ENTÉNDESE QUE O ARRENDAMENTO FARASE POLO PREZO PÚBLICO DA PARCELA.
A PERSOA SOLICITANTE, NO CASO DE RESULTAR ADXUDICATARIA, ADSCRIBIRÁ O PREDIO:	
<input type="checkbox"/> A UNHA EXPLOTACIÓN EXISTENTE	
CEA DA EXPLOTACIÓN:	<input type="text"/>
REFERENCIA CATASTRAL DA EXPLOTACIÓN:	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> A UNHA EXPLOTACIÓN DE NOVA CREACIÓN	
<input type="checkbox"/> NON ADSCRIBIRÁ O PREDIO A EXPLOTACIÓN	
<input type="checkbox"/> OUTRA:	<input type="text"/>
OUTROS FEITOS, RAZÓNS OU PETICIÓNS DA PERSOA SOLICITANTE:	
<input type="text"/>	

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación aos criterios de puntuación para aproveitamentos agrícolas ou gandeiros:

PUNTOS MÁXIMOS	CONCEPTO	VARIABLE	PUNTOS	CRITERIOS DECLARADOS
25	Nivel de profesionalización agraria da persoa solicitante	Persoa titular de explotación agropecuaria	15	<input type="checkbox"/>
		Persoa titular inscrita no Sistema especial de traballadores por conta allea	25	<input type="checkbox"/>
40	Arrendamento previo	Arrendamento inmediatamente previo en condicións adecuadas	40	<input type="checkbox"/>
50	Incorporación á actividade agraria	Incorporación de persoa moza (muller)	25	<input type="checkbox"/>
		Incorporación de persoa moza (home)	20	<input type="checkbox"/>
		Explotación de nova creación	20	<input type="checkbox"/>
40	Ampliación da base territorial	Contrato de explotación sustentable	10	<input type="checkbox"/>
		Explotación acollida a plan de mellora	10	<input type="checkbox"/>
		Explotación en produción ecolóxica	10	<input type="checkbox"/>
		Explotación agraria prioritaria	10	<input type="checkbox"/>
30	Xénero das persoas titulares	Máis do 50 % de persoas titulares mulleres	30	<input type="checkbox"/>
		50 % de persoas titulares mulleres	20	<input type="checkbox"/>
		Mulleres como persoas titulares, pero menos do 50 %	10	<input type="checkbox"/>
60	Parcelas confinantes e próximas	Explotación a menos de 2 km	10	<input type="checkbox"/>
		Explotación entre 2 e 5 km	5	<input type="checkbox"/>
		Parcela propia confinante	40	<input type="checkbox"/>
		Parcela arrendada ou propia a menos de 100 m	25	<input type="checkbox"/>
		Parcela arrendada ou propia a menos de 300 m	15	<input type="checkbox"/>
15	Asociacionismo	Cooperativas agrarias e SAT	15	<input type="checkbox"/>
		S.A. ou S.L. con obxecto social afín	10	<input type="checkbox"/>
		Outras formas de asociación ou comunidade legalmente establecidas con obxecto social afín	5	<input type="checkbox"/>
60	Investigación e experimentación	Campos de experimentación, investigación, ensaio ou extensión, promovidos por centros oficiais de investigación agraria ou por entidades sen ánimo de lucro legalmente establecidas	60	<input type="checkbox"/>


SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: cu0cepq4-zb87-pma2-juz6-wjmt0usshzo5


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I
 (continuación)


A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA (continuación)

PUNTOS MÁXIMOS	CONCEPTO	VARIABLE	PUNTOS	CRITERIOS DECLARADOS
60	Interese ambiental	Actuacións relacionadas estritamente con actuacións de protección ambiental ou paisaxística promovidas por entidades sen ánimo de lucro legalmente establecidas	60	<input type="checkbox"/>
100	Interese social	Punto 6.2.f) da Lei de mobilidade de terras	100	<input type="checkbox"/>
		Persoas desempregadas de longa duración e/ou persoas desempregadas maiores de 45 anos	60	<input type="checkbox"/>
		Entidades sen ánimo de lucro legalmente establecidas que teñen como obxecto a loita contra a exclusión social	60	<input type="checkbox"/>
40	Prezo	Se vostede ofertou un prezo de renda superior ao prezo da parcela, este será tido en conta proporcionalmente na puntuación ata un máximo de 40 puntos equivalente a un incremento do 100 % sobre o prezo da parcela.		

2. Que en relación aos criterios de puntuación para aproveitamentos forestais:

PUNTOS MÁXIMOS	CONCEPTO	VARIABLE	PUNTOS	CRITERIOS DECLARADOS
15	Nivel de profesionalización agraria da persoa solicitante	Persoa titular de explotación agropecuaria	15	<input type="checkbox"/>
40	Arrendamento previo	Arrendamento inmediatamente previo en condicións adecuadas	40	<input type="checkbox"/>
30	Xénero das persoas titulares	Máis do 50 % de persoas titulares mulleres	30	<input type="checkbox"/>
		50 % de persoas titulares mulleres	20	<input type="checkbox"/>
		Mulleres como persoas titulares, pero menos do 50 %	10	<input type="checkbox"/>
60	Parcelas confinantes e próximas	Parcela propia confinante	40	<input type="checkbox"/>
		Parcela arrendada ou propia a menos de 2 km	15	<input type="checkbox"/>
		Parcela arrendada ou propia entre 2 e 5 km	5	<input type="checkbox"/>
15	Asociacionismo	SOFOR	15	<input type="checkbox"/>
60	Características da explotación	Aproveitamentos forestais non madeiros	60	<input type="checkbox"/>
		Explotacións con especies exclusivamente da lista nº 1(*)	40	<input type="checkbox"/>
		Explotacións con especies exclusivamente da lista nº 2(**)	20	<input type="checkbox"/>
60	Investigación e experimentación	Campos de experimentación, investigación, ensaio ou extensión, promovidos por centros oficiais de investigación forestal ou por entidades sen ánimo de lucro legalmente establecidas, e destinados a aproveitamentos non madeiros ou madeiros de especies incluídas na lista de especies nº 1(*)	60	<input type="checkbox"/>
60	Interese ambiental	Actuacións relacionadas estritamente con actuacións de protección ambiental ou paisaxística promovidas por entidades sen ánimo de lucro legalmente establecidas	60	<input type="checkbox"/>
100	Interese social	Punto 6.2.f) da Lei de mobilidade de terras	100	<input type="checkbox"/>
40	Prezo	Se vostede ofertou un prezo de renda superior ao prezo da parcela, este será tido en conta proporcionalmente na puntuación ata un máximo de 40 puntos equivalente a un incremento do 100 % sobre o prezo da parcela.		

(*) Lista de especies nº 1: Castiñeiro (*Castanea Sativa*), Castiñeiro Híbrido (*Castanea x híbrida*), Carballo (*Quercus robur*), Cerdeira (*Prunus avium*), Nogueira (*Juglans regia*), Sobreira (*Quercus suber*), Piñeiro silvestre (*Pinus sylvestris*), Teixo (*Taxus baccata*).

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: cu0cepq4-zb87-pma2-juz6-wjmt0usshzo5


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I
 (continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA (continuación)

(**) Lista de especies nº 2: Ameneiro (*Alnus glutinosa* L.) Gaertn., Pradairo (*Acer pseudoplatanus* L.), Bidueiro (*Betula* sp.), Freixo (*Fraxinus excelsior* L.), Freixa (*Fraxinus angustifolia* Vahl.), Cerquiño (*Quercus pyrenaica* Will.), Carballo albar (*Quercus petraea* (Matts) Liebl.), Aciñeira (*Quercus ilex* L. ssp. *ballota* (Desf.) Samp., *Quercus rotundifolia* Lam, Abeleira (*Corylus avellana* L.), Faia (*Fagus sylvatica* L.), Umeiro (*Ulmus glabra* Huds.), *Ulmus minor* Miller, Loureiro (*Laurus nobilis* L.), Sorbeira do monte (*Sorbus aria* L.), Capudre (*Sorbus aucuparia* L.), Erbedo (*Arbutus unedo* L.), Carballo americano (*Quercus rubra*) e a Nogueira americana (*Juglans nigra*)

- Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- Que non mantén débeda ningunha coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
- Que coñece e acepta as condicións para a cesión temporal establecidas na normativa de aplicación, e especificamente, as "Regras de xestión das solicitudes de cesión temporal de uso e aproveitamento dos predios que integran o banco de terras de Galicia", aprobadas por acordo do consello de Dirección de Agader do 14 de abril de 2015 e as condicións xerais para a contratación de predios rústicos para destinos agrario, pecuario ou forestal. Os documentos atópanse na páxina web de Agader <http://agader.xunta.gal/gl/banco-de-terras>.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓNOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante.	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante.	<input type="checkbox"/>
NIF da entidade solicitante.	<input type="checkbox"/>
Certificado de residencia con data de última variación padroal da persoa solicitante.	<input type="checkbox"/>
Declaración da renda.	<input type="checkbox"/>
Vida laboral.	<input type="checkbox"/>
Estatutos ou acta de constitución da agrupación.	<input type="checkbox"/>
Condición de titularidade de explotación agraria.	<input type="checkbox"/>
Condición de ser explotación agraria prioritaria.	<input type="checkbox"/>
Condición de ter un contrato de explotación sustentable en vigor.	<input type="checkbox"/>
Condición de persoa produtora agraria inscrita no Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica.	<input type="checkbox"/>
Condición de ser persoa beneficiaria de axudas á primeira instalación de persoas agricultoras mozas.	<input type="checkbox"/>
Condición de ter un plan de mellora na explotación.	<input type="checkbox"/>
Acreditación da propiedade de predios para a valoración de criterios de proximidade.	<input type="checkbox"/>
Contrato de arrendamento de predio próximo ou confinante.	<input type="checkbox"/>

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSONALES


Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader)
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización e contidos da carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral à información relativa a unha materia.
Exercicio dos dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais
Actualización normativa: no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.	

LEXISLACIÓN APLICABLE


Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras.
 Orde do 19 de setembro de 2019 pola que se regula a presentación electrónica de solicitudes de arrendamento de predios rústicos incorporados ao Banco de Terras de Galicia (código de procedemento MR711B).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de


Axencia Galega de Desenvolvemento Rural


SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: cu0cepq4-zb87-pma2-juz6-wjmt0usshz05


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>